

**REUNIÓN DA COMISIÓN 4.^a,
EDUCACIÓN E CULTURA**

Día: 24.02.2017 Hora: 10:30

A Comisión 4.^a, Educación e Cultura, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 24 de febreiro de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas orais en comisión

- 1.1 2712 (10/POC-000368)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre os convenios asinados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria con diversas editoras de xornais en Galicia destinados a potenciar e promover a lingua galega
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 13.01.2017
- 1.2 3641 (10/POC-000606)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre a situación do profesorado dos conservatorios de música que foi traspasado de secundaria
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 55, do 30.01.2017
- 1.3 3642 (10/POC-000607)
Grupo Parlamentario de En Marea
Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles
Sobre a situación do Museo de Arte Contemporánea de Vigo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 55, do 30.01.2017

Punto 2. Proposicións non de lei en comisión

- 2.1 3270 (10/PNC-000324)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis
Sobre a inclusión pola Xunta de Galicia, na súa programación de equipamentos educativos, da creación dun centro público integrado no barrio de Novo Mesoiro, da Coruña, así como da cubrición do patio de recreo do Colexio Manuel Murguía, de Feáns
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 53, do 26.01.2017
- 2.2 3767 (10/PNC-000356)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego destinadas á
elaboración dun catálogo de materias afíns

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 53, do 26.01.2017

- 2.3 3936 (10/PNC-000363)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a
obtención dunha relación das edificacións posteriores ao ano 1965
susceptibles dalgún tipo de protección e o desenvolvemento dunha
campana de posta en valor das arquitecturas protexidas de Galicia, en
especial das máis modernas e contemporáneas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 57, do 01.02.2017
- 2.4 4426 (10/PNC-000421)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Gil, César Manuel e 6 máis
Sobre a posta en marcha polo Goberno galego de actuacións orientadas a
promover o uso do galego e apoiar os neofalantes que adopten o galego
como lingua de comunicación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 62, do 08.02.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2017

Antonio Mouriño Villar
Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Antonio Mouriño Villar na data 20/02/2017 14:07:59

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 4.ª, EDUCACIÓN E CULTURA** POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Antonio Mouriño Villar

P

Vicepresidente

Carlos Enrique López Crespo

P

Secretaria

Luca Chao Pérez

EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez

S

María Ángeles Antón Vilasánchez

P

María de la Concepción Burgo López

S

María de los Ángeles Cuña Bóveda

EM

Teresa Egerique Mosquera

P

César Manuel Fernández Gil

P

Carlos Gómez Salgado

P

Olalla Rodil Fernández

BNG

Moisés Rodríguez Pérez

P

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 24.02.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas orais en comisión

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 24.02.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 2712(10/POC-000368)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre os convenios asinados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria con diversas editoras de xornais en Galicia destinados a potenciar e promover a lingua galega

Publicación da iniciativa, 44, 13.01.2017



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2016 10:38
Nº Rexistro: 2712
Data envío: 29/12/2016 10:38:30.368

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.**

O DOG do 9 de decembro de 2016 publicou unha resolución do 22 de novembro no que se recollen os convenios asinados pola Consellaría de Educación con diversas editoras de xornais en Galiza dirixidos a 'potenciar e promover a lingua galega' na prensa. Concretamente un total de 134.500 euros a repartir entre catro editoras.

Dous días despois, o 11 de decembro, no xornal *La Voz de Galicia*, unha das beneficiarias da sinatura dos devanditos convenios, aparece unha páxina de publicidade pagada pola Xunta de Galiza baixo o formato de publi-reportaxe referida á adaptación da prestación dos servizos á realidade demográfica.

Así as cousas, a información publicada desprégase integramente en castelán, lingua habitual e de uso amplamente maioritario do medio de comunicación no que se insire.

Por todo o exposto, formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 4ª:

- Que criterios usa a Consellaría de Educación cando asina este tipo de convenios con estas editoras?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2016 10:38
Nº Rexistro: 2712
Data envío: 29/12/2016 10:38:30.368

- Exixe o Goberno galego que os medios de comunicación que reciben diñeiro público en materia de normalización lingüística publiquen en lingua galega as informacións pagadas pola Xunta?

- Cre que o uso que fan do galego as editoras beneficiarias dos fondos destinados a potenciar e promover a lingua galega na imprensa é suficiente?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2016

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Ana Belén Pontón Mondelo

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 29/12/2016 10:37:49

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/12/2016 10:37:58

María Montserrat Prado Cores na data 29/12/2016 10:38:02

Ana Pontón Mondelo na data 29/12/2016 10:38:04



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/12/2016 10:38
Nº Rexistro: 2712
Data envío: 29/12/2016 10:38:30.368

Noa Presas Bergantiños na data 29/12/2016 10:38:06

Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2016 10:38:09

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 24.02.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 3641(10/POC-000606)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a situación do profesorado dos conservatorios de música
que foi traspasado de secundaria

Publicación da iniciativa, 55, 30.01.2017



Á MESA DO PARLAMENTO

Lucha Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta na **Comisión 4.ª**, sobre a situación do profesorado dos conservatorios de música que viña traspasado de Secundaria.

Tras meses de loita xudicial o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia vén de dar a razón ós profesores e profesoras de música asociados en APMAEGAL, Asociación de Profesores de Música e Artes Escénicas de Galicia, que denunciaron o traspaso ilegal de profesores do corpo de Secundaria, que teñen aprobadas a súa oposición ao corpo de Secundaria, **aos Conservatorios de Música**, onde nin aprobaron a correspondente oposición nin entraron polas canles establecidas pola propia Administración para exercer no Corpo de Música e Artes Escénicas.

Un traspaso que se veu producindo durante seis anos e que actualmente implica a uns 26 docentes de Secundaria que imparten clases nos conservatorios galegos. Un procedemento que repercutiu tanto nas profesoras e profesores interinos como nos substitutos con anos de antigüidade que viron perder o seu traballo.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta na Comisión 4.ª:

- Ten pensado o goberno da Xunta de Galicia respectar a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia?

- Que vai facer cos 26 docentes que deberán abandonar a docencia nos Conservatorios?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2017 09:30
Nº Rexistro: 3641
Data envío: 17/01/2017 19:40:08.886



- Vai compensar dalgún xeito ós docentes interinos e substitutos que durante seis anos padeceron as consecuencias da aplicación dunha orde ilegal?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 17/01/2017 19:11:57

Luca Chao Pérez na data 17/01/2017 19:12:04

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 24.02.2017

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 3642(10/POC-000607)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a situación do Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Publicación da iniciativa, 55, 30.01.2017



Á MESA DO PARLAMENTO

Lucha Chao Pérez e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta na **Comisión 4.ª**, sobre a situación do Museo de Arte Contemporánea de Vigo.

Coñecida a previsión orzamentaria en materia de cultura do goberno para 2017 quedan en evidencia dúas cousas: que non hai ningún interese en recuperar o nivel de investimento social que tiñamos antes da crise, e que as decisións de gasto afondan nun modelo cultural centralizador na Cidade da Cultura que está afogando todo o sistema cultural de Galicia.

Neste ano, os orzamentos prevén dedicar 9.092.989 euros á Cidade da Cultura, cantidade exactamente igual ca do ano pasado. Unha cifra que supón o 14,2% de todo o orzamento cultural, un de cada tres euros que se dedican ó fomento das actividades culturais e a metade de todo o que este goberno destina á atención de bibliotecas, arquivos, museos e equipamentos culturais.

Unha das consecuencias desta recentralización orzamentaria é o que está pasando co Museo de Arte Contemporánea de Vigo, do que a Xunta é membro do seu patronato, e Feijóo presidente de honra, o segundo centro de arte contemporánea de Galicia e todo un exemplo da potencialidade transformadora de espazos que ten a cultura. Estamos falando dun espazo simbólico que foi quen de converter un lugar de represión nun centro de arte contemporánea.

Sen embargo, o Museo leva xa demasiado tempo traballando nunha situación moi complicada, cuns orzamentos ao límite do razoable para un centro das súas dimensións e características.



Estas son as razóns que o propio director do Museo acaba de facer públicas para explicar a súa intención de abandonar o cargo. Deste xeito a política cultural do Partido Popular deixa languidecer un espazo de gran valor patrimonial e que supuxo a transformación dun lugar de represión, para seguir soterrando unha gran parte dos investimentos da cultura galega nese aeroporto sen avións que supón a Cidade da Cultura.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Cantos fondos vai destinar a Secretaría xeral de Cultura no vindeiro ano para garantir a viabilidade do proxecto?
- Ten a Secretaría xeral de Cultura algún plan para garantir a viabilidade do MARCO?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Luca Chao Pérez na data 17/01/2017 19:14:11

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 17/01/2017 19:14:16

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 24.02.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei en comisión

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 24.02.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 3270(10/PNC-000324)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre a inclusión pola Xunta de Galicia, na súa programación de equipamentos educativos, da creación dun centro público integrado no barrio de Novo Mesoiro, da Coruña, así como da cubrición do patio de recreo do Colexio Manuel Murguía, de Feáns

Publicación da iniciativa, 53, 26.01.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2017 11:58
Nº Rexistro: 3270
Data envío: 13/01/2017 11:58:16.081

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**.

No Plano Xeral de Ordenación Urbana aprobado en 1988, no concello da Coruña, prevíase a construción dunha nova zona urbana na parroquia de San Vicenzo de Elviña.

Desde entón, e en distintas fases, foise construíndo desde 2.002, un novo barrio, Novo Mesoiro, que a falta de remate dalgún solar, na actualidade xa rexistra 3.490 vivendas construídas e 6.953 persoas censadas (datos do censo publicado a 1 de xaneiro de 2.015).

Estamos a falar dun barrio novo cunha poboación puxante formada por parellas mozas e cunha porcentaxe en idade escolar obrigatoria de máis menos un 23%. Estamos a falar pois de máis de 1.500 rapaces/as.

Pese a esta situación, o barrio non foi provisto dos equipamentos educativos necesarios para atender ás necesidades educativas básicas da poboación. O colexio público máis próximo é o CEIP Manuel Murguía con 200 alumnos situado na localidade veciña de Feáns, totalmente insuficiente.

Os nenos/as do Novo Mesoiro están escolarizados en centros de distintos barrios da cidade, no mellor dos casos, a 4kms. de distancia.



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2017 11:58
Nº Rexistro: 3270
Data envío: 13/01/2017 11:58:16.081

Esta situación crea un problema de mobilidade e conciliación familiar innecesario pero ademais existe a perda do dereito, por parte da xente máis nova, a unha entidade poboacional compartida, á existencia dun primeiro universo social con personalidade. Estamos a falar do barrio e a súa socialización e interacción.

A situación descrita esixe que á maior brevidade se proxecten novos equipamentos educativos que atendan as necesidades do barrio, dotando ó Novo Mesoiro dun Centro Público Integrado, con educación infantil, primaria e secundaria.

Así mesmo, en Feáns, entidade de poboación chamada a compartiren ela e Novo Mesoiro, servizos e proxectos, dentro dun entendemento xa existente... Pois ben, en Feáns existe unha activa Asociación Veciñal que hai xa tempo reclama unha obra no Colexio Manuel Murguía consistente en cubrir o patio do mesmo beneficiando ós alumnos nos fríos e chuviosos invernos e podendo ser tamén, espazo aproveitado para as múltiples e participativas actividades da mentada asociación veciñal.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario do BNG formula a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª:

"O Parlamento Galego insta á Xunta de Galicia a:

- *Incluír na programación de equipamentos educativos, á maior brevidade posible, a dotación dun Centro Público Integrado no barrio de Novo Mesoiro da Coruña.*



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2017 11:58
Nº Rexistro: 3270
Data envío: 13/01/2017 11:58:16.081

- *Cubrir no Colexio Manuel Murguía de Feáns o patio para preservar os nenos/as das inclemencias meteorolóxicas e ser á vez aproveitado polos veciños nas múltiples actividades asociativas.*

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/01/2017 11:57:14

Olalla Rodil Fernández na data 13/01/2017 11:57:32

María Montserrat Prado Cores na data 13/01/2017 11:57:38

Noa Presas Bergantiños na data 13/01/2017 11:57:42



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/01/2017 11:58
Nº Rexistro: 3270
Data envío: 13/01/2017 11:58:16.081

Xosé Luis Bará Torres na data 13/01/2017 11:57:49

Ana Pontón Mondelo na data 13/01/2017 11:57:55

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 24.02.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 3767(10/PNC-000356)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la
Concepción

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego
destinadas á elaboración dun catálogo de materias afíns

Publicación da iniciativa, 53, 26.01.2017



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Luís Manuel Álvarez Martínez, e da súa deputada, María Concepción Burgo López, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

A existencia de materias afíns é algo inherente ao sistema educativo, formando parte da tradición, fondamente arraigada, do traballo dos e das docentes.

Aínda que cabe entender que exista profesorado que imparte materias distintas daquelas nas que é especialista en aras de optimizar os recursos humanos dispoñibles, non é menos certo que é un obxectivo desexable que esa realidade supoña a menor porcentaxe posible.

Pero ademais do anterior, tampouco cabe dúbida de que a impartición de materias por profesorado especialista é a máxima garantía, dende este punto de vista, dun ensino de calidade.

No actual modelo, danse por suposto certas afinidades entre materias que non son necesariamente certas e que repercuten de xeito negativo na formación do alumnado.

No caso da educación infantil e educación primaria non é infrecuente atopar casos de mestras e mestres impartindo especialidades distintas da propia, situación que se torna particularmente preocupante ao asimilar, en certa medida, as especialidades de Pedagogía terapéutica e Audición e linguaxe, situación amplamente estendida na nosa Comunidade Autónoma.

No caso da educación secundaria obrigatoria e bacharelato a situación é similar, se non máis grave.

Por exemplo, suponse que un ou unha profesor/a de matemáticas pode dar como materia afín física e química, bioloxía e xeoloxía, debuxo técnico ou mesmo tecnoloxía. A realidade é que un ou unha licenciado/a ou graduado/a en Ciencias Matemáticas pode non ter cursado na súa formación superior ningunha materia allea ás matemáticas; sirva como exemplo desta afirmación o Grao en Ciencias Matemáticas da Universidade de



Grupo Parlamentario

Santiago de Compostela. Análogos exemplos poden atoparse en calquera especialidade.

O anterior supón que temos profesorado impartindo materias na educación secundaria e no bacharelato cunha formación académica que se corresponde co mesmo nivel de estudos que están a impartir, o que supón unha eiva na formación para os alumnos.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pero ademais, no caso de que nos refiramos a profesorado de centros privados (concertados ou non), a propia norma, tanto estatal como autonómica, esixe unha titulación axeitada e, adicionalmente, acreditar unha formación superior axeitada, que se concreta en ter cursado 24 créditos nas ensinanzas superiores relacionadas coa materia que se pretende impartir.

No exemplo anterior, un ou unha graduado/a en matemáticas pola Universidade de Santiago non podería impartir bioloxía e xeoloxía nun centro privado, pero si nun centro público.

Esta situación plantea directamente o debate sobre a existencia de distintos criterios, sendo neste caso, e de forma evidente, a ensinanza pública a que presenta un manifesto déficit de esixencia.

O anterior leva de forma obvia á necesidade de reformular o modelo de materias afíns de xeito que se garanta, de forma absolutamente prioritaria, a calidade do ensino do alumnado dos centros públicos. Por este motivo preséntase a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que constitúa unha mesa de traballo na que se integre ás organizacións representativas do profesorado, para elaborar un catálogo de materias afíns que permita:

- a) Que o alumnado teña garantida a calidade da ensinanza que recibe.
- b) Que o profesorado coñeza as materias que debe impartir con carácter de afín alleas á súa propia especialidade.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 19/01/2017 13:11
Nº Rexistro: 3767
Data envío: 19/01/2017 13:11:26.620



Grupo Parlamentario

- c) Que as vacantes provisionais de profesorado segan un marco común en toda a Comunidade Autónoma.

Pazo do Parlamento, 18 de xaneiro de 2017

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Mat3nez na data 19/01/2017 13:09:50

Mar3a de la Concepci3n Burgo L3pez na data 19/01/2017 13:10:03

Xoaqu3n Mar3a Fern3ndez Leiceaga na data 19/01/2017 13:10:22

Reunión da Comisión 4.^a, Educación e Cultura

Día: 24.02.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 3936(10/PNC-000363)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a obtención dunha relación das edificacións posteriores ao ano 1965 susceptibles dalgún tipo de protección e o desenvolvemento dunha campaña de posta en valor das arquitecturas protexidas de Galicia, en especial das máis modernas e contemporáneas

Publicación da iniciativa, 57, 01.02.2017

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **María Luisa Pierres López, Concepción Burgo López e Luis Manuel Alvarez Martínez**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Exposición de motivos

Falar de patrimonio é falar de identidade cultural.

Segundo a Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia, “*o patrimonio arquitectónico o integran os inmobles e os conxuntos destes, as obras da arquitectura e de enxeñería histórica ás que se lles recoñeza un papel relevante na construción do territorio e na súa caracterización cultural e que sexan testemuña dunha época histórica ou dos cambios na forma de entendela.*”

Sen embargo no artigo 88 de contidos do patrimonio arquitectónico se relatan os valores arquitectónicos das arquitecturas que serán susceptibles de protección, e obsérvase que a limitación para a protección da arquitectura moderna sitúase nas arquitecturas construídas ata o ano 1965.

No apartado 2 de dito artigo 88 apúntase non obstante que poderá recoñecérselles un significativo valor arquitectónico a os bens construídos con posterioridade ás datas sinaladas no apartado anterior, sempre que así se determine despois dun estudio pormenorizado.

Fronte a outros períodos artísticos e históricos, a arquitectura do século XX, especialmente a partir do seu segundo terzo, careceu dun nivel de protección acorde á importancia de numerosas construcións, que, en consecuencia, foron destruídas ou deformadas.

O debate xerado en toda España a raíz da desaparición da Casa Guzmán, do arquitecto Alejandro de la Sota, construída no ano 1979, fai que reflexionemos seriamente sobre o nivel de protección sobre este tipo de

arquitecturas que son modelo e testemuña dun momento de cambios na arquitectura deste país.

En Galicia contamos con exemplos parellos á Casa Guzmán. Obras posteriores ao ano 1965 de autoría do mesmo arquitecto, Alejandro de la Sota, así como moitas doutros e doutras profesionais de recoñecido prestixio e que supoñen extraordinarios exemplos do seu momento, que marcaron e marcan as pautas de novos estilos, actuando como testemuña vivo deses períodos.

A falta de protección de todas esas arquitecturas as expón á súa desaparición temperá, máis aínda cando os seus promotores non poden acceder a axudas que contribúan ao seu mantemento, especialmente cando estamos a falar de arquitecturas de marcado carácter singular.

No 2015 iniciouse a protección de 13 edificacións do movemento moderno, de entre os anos 1932-1965, presentadas pola Academia de Belas Artes á Xunta de Galicia para a súa conservación e recoñecemento dun período crucial, o que xa supuxo un avance importante.

Non obstante o Grupo Parlamentario Socialista considera preciso conseguir que o recoñecemento chegue á totalidade dos bos edificios ligados á nosa modernidade, independentemente da súa antigüidade, sendo imprescindible incidir na necesidade de valorar máis esta arquitectura para evitar riscos serios na súa conservación.

Os socialistas consideramos que esta circunstancia debe ser solventada con carácter de urxencia, e por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Iniciar con carácter de urxencia os trámites precisos para fomentar a creación dun estudio en posible colaboración con expertos e colexios profesionais que inclúa todo o ámbito galego e que sirva de base para obter unha relación das edificacións posteriores ao ano 1965 e que sexan susceptibles dalgún tipo de protección.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/01/2017 16:30
Nº Rexistro: 3936
Data envío: 23/01/2017 14:22:34.427



Grupo Parlamentario

Partido dos
Socialistas
de Galicia

2. Levar a cabo unha campaña de posta en valor das arquitecturas protexidas de Galicia, especialmente das máis modernas e contemporáneas, que permita á cidadanía entender o seu especial valor, máis alá da súa antigüidade.

Pazo do Parlamento, 23 de xaneiro de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
Concepción Burgo López
Luis Manuel Alvarez Martínez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 23/01/2017 14:19:09

María de la Concepción Burgo López na data 23/01/2017 14:19:22

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/01/2017 14:19:28

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/01/2017 14:19:34

Reunión da Comisión 4.ª, Educación e Cultura

Día: 24.02.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.4 4426(10/PNC-000421)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Gil, César Manuel e 6 máis

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego de actuacións orientadas a promover o uso do galego e apoiar os neofalantes que adopten o galego como lingua de comunicación

Publicación da iniciativa, 62, 08.02.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2017 11:03
Nº Rexistro: 4426
Data envío: 02/02/2017 11:03:44.362

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputada, **César Fernández Gil, Moisés Blanco Paradelo, Teresa Egerique Mosquera, Martín Fernández Prado, Carlos Gómez Salgado, Carlos E. López Crespo** e **Antonio Mouriño Villar**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Comisión**.

Exposición de motivos

No eido da sociolingüística enténdese por “neofalantes” o conxunto de persoas que se converten en usuarias habituais e, con frecuencia exclusivas, dunha lingua que non foi a súa lingua materna ou familiar.

A incorporación de “neofalantes” resulta sempre un elemento dinamizador da lingua e, polo tanto, a incentivación e protección deste achegamento á lingua galega, debe ser sempre un elemento de gran valor para conseguir unha maior difusión, en todos os ámbitos da sociedade, do uso da lingua galega.

Cómpre poñer en valor o esforzo que realizan os “neofalantes” e darlles visibilidade como un exemplo na difusión do uso do galego e como un estímulo no camiño da normalización e da incorporación de novos falantes de galego.

En moitas ocasións, o esforzo realizado polos neofalantes non é suficientemente valorado e a proliferación de “neofalantes” provoca tensións nos planos formal e funcional da lingua, o que require un especial coidado e unha atención pormenorizada dende o ámbito das políticas públicas.

Dende o Grupo Parlamentario Popular, consideramos moi positiva a posta en valor da figura dos “neofalantes” como vehículo de dinamización do uso da lingua galega e, polo tanto, presentamos a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a poñer en marcha accións orientadas a amosar as vantaxes de falar galego, apoiar os neofalantes novos que están pensando ou xa teñen decidido adoptar o galego como lingua de comunicación. En paralelo ao anterior, estas accións tamén deberán axudar a combater os posibles estereotipos e prexuízos que poidan existir arredor da intencionalidade ou competencia



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/02/2017 11:03
Nº Rexistro: 4426
Data envío: 02/02/2017 11:03:44.362**

lingüística de quen comeza a utilizar o idioma propio de Galicia, sen ser esta a súa lingua inicial.”

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 02/02/2017 10:59:54

César Manuel Fernández Gil na data 02/02/2017 11:00:06

Moisés Blanco Paradelo na data 02/02/2017 11:00:09

Teresa Egerique Mosquera na data 02/02/2017 11:00:16

Martín Fernández Prado na data 02/02/2017 11:00:27

Carlos Gómez Salgado na data 02/02/2017 11:00:38

Carlos Enrique López Crespo na data 02/02/2017 11:00:52

Antonio Mouriño Villar na data 02/02/2017 11:01:02

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com